

Memoria xustificativa do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Ferrol para execución da actuación "Saneamento e depuración da zona rural de Ferrol. Fase 1A. Ferrol (A Coruña)", cofinanciada pola Unión Europea a través do FEDER Galicia 2021-2027.

1. Antecedentes

Co obxecto de acadar os máis altos estándares na calidade das augas aos que aspiramos en Galicia, tanto no medio natural como para o abastecemento á poboación, é preciso contar cun conxunto de infraestruturas que permitan almacenar, potabilizar, distribuír e depurar a auga evitando afeccións á natureza e reducindo a súa pegada ecolóxica.

Nos últimos anos, a Comunidade Autónoma de Galicia experimentou un salto cualitativo na extensión territorial dos servizos de abastecemento, saneamento e depuración, ao que contribuíu, en gran medida, a mobilización de investimentos públicos para a execución de obras e infraestruturas hidráulicas en apoio aos municipios no exercicio das súas competencias. Estas intervencións e investimentos, sen dúbida, incidiron na mellora dos indicadores da calidade das augas e no nivel de cumprimento das normativas comunitarias na materia.

Con todo, constatouse durante todo este tempo que as singularidades e peculiaridades demográficas e xeográficas de Galicia dificultan tanto a execución das infraestruturas hidráulicas como tamén a xestión das mesmas para a prestación destes servizos básicos de forma adecuada.

Nos últimos anos estase a mellorar a rede municipal de saneamento do Concello de Ferrol, mais estaba pendente o proxecto de estender os servizos de tratamento das augas residuais á zona rural do municipio.

Co obxectivo de dotar ao rural de Ferrol duns servizos de saneamento axeitados, o Concello preveu a execución do plan director denominado "Saneamento e depuración da zona rural de Ferrol. Ferrol (A Coruña)". A Empresa Mixta de Aguas de Ferrol, S.A (EMAFESA) encarga a Proyfe S.L a redacción do "PLAN DIRECTOR INTEGRAL DE SANEAMIENTO Y DEPURACIÓN DE FERROL", presentado con data de decembro do 2014.

Estimouse necesaria a subscrición dun protocolo de colaboración que supuxese a coordinación de medios, servizos e recursos pertencentes a cada unha das entidades participantes e a súa ordenación para un fin compartido. Desta forma, en xaneiro de 2024 subscríbese entre Augas de Galicia e o Concello de Ferrol un protocolo



administrativo cuxo obxecto fose establecer o marco para a colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Ferrol que permitise nun futuro acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as obras previstas no plan director denominado "Saneamento e depuración da zona rural de Ferrol. Ferrol (A Coruña)", a súa posta en servizo, a súa explotación e a súa conservación e mantemento.

Agora promóvese un convenio de colaboración que ten por obxecto executar o proxecto de "Saneamento e depuración da zona rural de Ferrol. Fase 1A", derivado do plan director denominado "Saneamento e depuración da zona rural de Ferrol. Ferrol (A Coruña)."

2. Obxectivos que se pretenden

O obxecto deste convenio é establecer o marco para a colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Ferrol para a execución o proxecto de "Saneamento e depuración da zona rural de Ferrol. Fase 1A".

3. Necesidade da colaboración, razóns de oportunidade e xustificación da non concorrencia

O servizo de tratamento de augas residuais urbanas é un servizo de competencia municipal, establecida nos artigos 25.2 c), 26.1 a) e 86.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; nos artigos 80.2 l) e 81 a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia; e que tamén recolle a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, nos seus artigos 5 e 27, no reparto de competencias entre as diferentes administracións públicas de Galicia en materia de infraestruturas hidráulicas.

O artigo 24.2 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, prevé que a actuación das administracións autonómica e local terá como finalidade, en materia de saneamento e depuración, contribuír á consecución do bo estado ecolóxico das augas e dos seus ecosistemas asociados.

O artigo 17 da Lei 1/2022, do 12 de xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga, establece que as administracións públicas titulares de infraestruturas e as administracións públicas responsables dos servizos relacionados coa xestión do ciclo integral da auga traballarán para conseguir, entre outros obxectivos xerais, os seguintes: a mellora e innovación na xestión do ciclo integral da auga e nas tecnoloxías aplicables para incrementar a eficiencia no uso e na protección dos recursos hídricos, coa utilización das mellores técnicas dispoñibles; a realización dos labores de mantemento e reparación axeitados para protexer as infraestruturas



existentes e conservalas nas condicións óptimas para a prestación dos servizos; ou a reposición das infraestruturas vinculadas á xestión do ciclo integral da auga cando esgoten a súa vida útil.

Dito o anterior, Augas de Galicia poderá formalizar os convenios que sexan precisos coas entidades locais para conseguir os obxectivos das políticas de saneamento e depuración fixados, no ámbito de colaboración e cooperación que debe presidir as relacións entre administracións, tal e como se recolle no artigo 30 da citada Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular a colaboración de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, de acordo co establecido no artigo 6 da antedita lei.

4. Estimación de custos e financiamento

O custo total estimado para das actuacións obxecto deste convenio ascende a cinco millóns setecentos dezaseis mil seiscientos setenta e un euros con vinte e oito euros (5.716.671,28€) coa seguinte previsión inicial de anualidades de gasto:

Ano	Importe (en euros)
2025	217.723,94
2026	1.306.343,63
2027	3.701.306,98
2028	491.296,73
TOTAL	5.716.671,28

Os gastos terán o seguinte financiamento:

- a) o concello de Ferrol achegará o 30% do custo total das actuacións obxecto deste convenio, que ascende a un millón setecentos quince mil un euros con trinta e oito céntimos (1.715.001,38€).
- b) o gasto non elixible será a suma dos gastos en concepto de imposto sobre o valor engadido (IVE), de taxa de dirección e inspección de obra e de taxa de dirección dos contratos de servizo en materia de augas e infraestruturas e financiarase integramente coa aportación do concello.

Total do gasto non elixible	1.150.957,01
-----------------------------	--------------



c) Co gasto elixible, que será financiado pola Unión Europea mediante unha transferencia de capital da consellería á que estea adscrita Augas de Galicia, por Augas de Galicia e polo concello de Ferrol, do seguinte xeito:

- Pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do Programa Galicia FEDER 2021-2027 nun 60%.
- Por Augas de Galicia e polo concello nun 40%, de acordo co seguinte reparto:

ANOS	MOD 1520	MOD. 3120	MOD. 4140	ELIXIBLE
2025	48.073,46	21.482,07	104.333,30	173.888,83
2026	288.440,75	128.892,45	625.999,79	1.043.332,99
2027	817.248,79	365.195,28	1.773.666,10	2.956.110,17
2028	108.478,34	48.474,57	235.429,37	392.382,28
Total	1.262.241,34	564.044,37	2.739.428,56	4.565.714,27

- Na modalidade 1520 recóllese o importe cofinanciado por Augas de Galicia do gasto elixible.
- Na modalidade 3120 recóllese o importe cofinanciado polo concello de Ferrol do gasto elixible
- Na modalidade 4140 recóllese o importe cofinanciado pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER).

Durante a execución do gasto, Augas de Galicia contabilizará o gasto na conta financeira 230 investimentos xestionados para outros entes públicos. Unha vez se entregue a infraestrutura ao concello, a efectos da súa baixa no inventario de Augas de Galicia, trasladarase o gasto acumulado mediante asento contable á conta financeira 6556 transferencias de capital a corporacións locais

En canto ao compromiso económico que asume o concello de Ferrol, este axustarase ao seguinte calendario de pagos:

Ano	Importe
2025	65.317,18
2026	391.903,09
2027	1.110.392,09
2028	147.389,02
TOTAL	1.715.001,38



Consonte ao disposto no artigo 48.3 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público o convenio contribúe a mellorar a eficiencia da xestión pública, a facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos e á realización de actividades de utilidade pública.

Santiago de Compostela, asinado dixitalmente
O director de Augas de Galicia
Roi Fernández Añón

